ESCOLA · SVPERIOR DE · CONSERVACION E · RESTAVRACION DE · BENS · CVLTVRAIS DE · GALICIA

30 ANOS

O CAMIÑO RESTAURADO

2° ETAPA: BURGOS

Proxecto de investigación e restauración dos relevos escultóricos do Trasaltar da Catedral de Burgos

Carlos Sanz Velasco

Restaurador e Director Técnico dos traballos

Carlos Tejedor Barrios

Restaurador. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Castela e León

CARLOS SANZ VELASCO

CONSERVADOR RESTAURADOR DE BENS CULTURAIS

CURRICULUM VITAE

Licenciado en Belas Artes con especialidade en Restauración na Universidade Complutense de Madrid en 1990.

Sen deixar de realizar traballos de taller, especializouse en intervencións sobre bens culturais vinculados a inmobles: pintura mural, xeserías, artesonados e, moi especialmente, pedra. Os traballos realizados nestes campos van desde a execución material da intervención, á elaboración de estudos previos, proxectos de intervención, plans directores, traballos de investigación ou direccións de obras.

A práctica profesional levoulle a priorizar a execución real do traballo en equipo interdisciplinar. Así se chega a comprender o ben cultural a conservar como parte dun todo ao que lle pasan cousas. Isto fixo posible o traballo en diferentes tipos de monumentos e lugares, como poidan ser as catedrais de Segovia, Ávila, Burgos, Palma de Mallorca, Santiago de Compostela, …; castelos tan dispares como o de Coca (Segovia) ou o de Alcalá la Real (Xaén), ou monumentos de épocas diversas como El Arco Romano de Medinaceli ou o Acueduto de Segovia e fachadas de comezos do século XX en Madrid.

No caso concreto do Trasaltar da Catedral de Burgos, a estreita e continuada colaboración coa arquitecto Mª Teresa Martín Rodríguez permitiu definir hipótese de estudo posteriormente confirmadas por diferentes grupos científicos, e a partir desa confirmación elaborar un proxecto de intervención e dirección da execución dos traballos de restauración que poñen en práctica as conclusións previamente alcanzadas.